



## Memoria da Presidencia

Valentín González Formoso, na súa calidade de presidente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante o presente documento e dando cumprimento ao disposto polo artigo 168.1.a) do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 18.1.a) do Regulamento que desenvolve parcialmente ese Texto, aprobado polo Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e en relación co disposto polo artigo 14.4 dos Estatutos deste Consorcio, aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (con modificados por mor do Decretos 151/2006, do 31 de agosto e 62/2009 do 12 de marzo), formulo a Memoria explicativa do contido do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2021 e das principais modificacións que presenta respecto ao aprobado para 2020.

### Consideracións previas e marcos económico, legal e continxente:

Analizando as Memorias da Presidencia dos Orzamentos desde 2012 lembrábase a consolidación do Consorcio xa que, de feito, o Orzamento que agora se presenta é o décimo sétimo documento orzamentario que se somete para a aprobación, polo que esa consolidación segue sendo unha realidade indubidable o que significa, de certo, que a prestación do servizo está cumprindo os obxectivos dentro do marco establecido no art. 5 dos estatutos.

Nesas Memorias, indicábase que a situación económica pola que se estaba a atravesar repercutía lóxicamente no Consorcio, o que obrigaba á restricción, ao máximo, do gasto, e por causa tamén desa mesma restricción nas dúas Administracións que forman a entidade cuxos topes non se podían alterar. Por outra banda, do elenco de normas que se aprobaron co obxecto de alcanzar os obxectivos de estabilidade no conxunto das Administracións públicas, e moi especialmente, da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xurde a obriga para todo o conxunto de entes natureza pública (Estado, Comunidades Autónomas, Corporacións Locais e Seguridade Social e entes dependentes destes) de que a xestión dos recursos públicos se oriente e sexa presidida pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público de tal forma que calquera tipo de actuación da Administración que afecte aos gastos ou aos ingresos públicos, presentes ou futuros, deberá valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse, de forma estricta, ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Tamén se indicaba en 2014 que a situación de restricción do gasto no conxunto das Administracións públicas, seguía a ser unha das bases para que poidan alcanzarse os obxectivos de estabilidade e déficit aprobados, de forma que a repercusión que isto tiña no Consorcio, materializábase na diminución das previsións que para o seu sostemento se achegarán no exercicio de 2014, situación que no orzamento aprobado para 2015 foi, inicialmente, distinta, xa que logo prevíase una nova contratación (nun contrato único) para a concesión do servizo o que implicaba o conseguinte incremento nos créditos do Capítulo II e, ao tempo, das achegas das Administracións consorciadas que recollía o Capítulo IV do estado de ingresos. E así foi aprobado o Orzamento de 2015 en sesión plenaria do 25 de novembro de 2014.

Nembargante, ese escenario orzamentario non produciu o froito esperado, e non chegou a aplicarse, xa que logo, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais en Resolución núm. 0205/2015, do recurso núm. 020/2015 interposto por Celta Prix, S.L. e respecto do cal, o TACRC acorda a súa admisión a trámite "por entender y así declararlo que se trata de un contrato de servicios susceptible de recurso ante este tribunal y, en base a ello pero al margen de las alegaciones y pretensiones de la entidad recurrente, declarar asimismo de oficio la nulidad del anuncio y de los pliegos de dicho contrato, ya que los mismos no se ajustan en absoluto a las exigencias derivadas de su verdadera naturaleza jurídica como contrato de servicios.", á vista desa resolución o Pleno do Consorcio en sesión do 26 de marzo de 2015, acordou:

- 1º. Tomar razón do contido das resolucións núms. 020/2015 e 210/2015 do TACRC.
- 2º. Atendido o establecido polo art. 49.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e a citada resolución núm. 020/2015, aceptar a mesma polo que, consecuentemente, o anuncio mais os pregos do expediente G. 01/14 son



nulos, e derivado diso, tamén o propio expediente que regulaba a xestión indirecta, mediante concesión do servizo de prevención e intervención en emerxencias que corresponde a este Consorcio e cantos acordos deste Pleno, tanto dese mesmo expediente como relacionados co mesmo, se vexan afectados pola devandita resolución 020/2015 do TACRC.

3º. En consideración ao anterior, poñer a disposición dos licitadores que se presentaron ao procedemento do expediente G. 01/14 as súas ofertas, en concreto, de forma inmediata para recoller, dos sobres "A" os documentos comprensivos das garantías provisionais e, respecto do resto do contido dos sobres "A" e a totalidade dos "B" e "C", quedan tamén a disposición unha vez rematado o prazo de presentación dos recursos contencioso-administrativos respecto das resolucións 020/2015 e 0210/2015 do TACRC.

4º. Asemade, como consecuencia tamén do acordado nos apartados precedentes e sobre a base da repetida resolución núm. 020/2015 do TACRC, iniciar os trámites do expediente para a contratación do servizo de prevención e intervención en emerxencias que corresponde a este Consorcio, e que queda incoado baixo o cód. AX.01/15 mediante o presente acordo.

Pero ademais dese acordo de aceptación da resolución, na propia sesión plenaria de 26 de marzo, e logo da toma de razón da liquidación do Orzamento de 2014, o Pleno acordou:

*Por último e como xa se puxo de manifesto e tendo en conta o acordo adoptado no punto anterior desta sesión así como o feito de que a contratación do servizo non será efectiva con probabilidade neste exercicio e que no Orzamento de 2015 recóllense os créditos da licitación prevista no Expediente G.01/14, declarado nulo, por unanimidade dos seis membros que forman este Pleno, acordarse adecuar as achegas das entidades consorciadas a esa situación, diminuíndoas para 2015 as contías das achegas para o sostemento corrente do Consorcio consonte ás aprobadas e achegadas para 2014, polo que, consecuentemente e, excluídas as que lle corresponden á Xunta de Galicia por mor do Convenio co concello de Ferrol por importe de 218.415,64€ a redución comporta o seguinte :*

Achegas iniciais en Capítulo IV para gasto corrente do Consorcio en 2015		Importe reducido	Achegas resultantes Cap. IV para o sostemento do Consorcio en 2015 logo da redución
Xunta de Galicia	3.650.000,00	353.200,34	3.296.799,66
Deputación P. da Coruña	3.650.000,00	353.200,34	3.296.799,66
TOTAIS	7.300.000,00	706.400,68	6.593.599,32

Polo que, consecuentemente, volvíase á situación do ano 2014 no que atinxe ás achegas dos consorciados e, polo tanto, á conseguinte restrición do gasto.

Ao abeiro do disposto no artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local sobre as formas de xestión dos servizos públicos e a necesidade de acreditar a forma máis eficiente e sostible mediante expediente, no que deberá constar unha memoria xustificativa que será obxecto de publicidade, sendo de aplicación a regulación prevista nos artigos 97 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, para o exercicio de actividades económicas polas Entidades Locais; en sesión plenaria de 02.10.2017 acordouse iniciar o expediente para a determinación da forma máis sostible e eficiente de xestionar o servizo de prevención e extinción de incendios, e salvamento, por parte de este Consorcio Provincial, e a creación da Comisión encargada de elaborar a memoria xustificativa, para o que se solicitou a ámbalas dúas entidades propietarias, é dicir, á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial da Coruña para que, designasen ao persoal que formaría parte da mesma.

En sesión plenaria de 09.04.2018 adoptouse, entre outros, o acordo de constituír a Comisión de Estudo, composta por membros corporativos e persoal técnico, determinándose a súa composición, que sería modificada en sesión do Pleno de 20.08.2018.

Unha vez elaborada a Memoria e ditaminada favorablemente pola Comisión, na reunión realizada o día 08.04.2019, tal como consta no expediente e na propia Memoria; someteuse a informe da secretaría intervención de data 11.04.2019.

Con data 12.04.2019 o Pleno do Consorcio adoptou o acordo de tomar en consideración a Memoria elaborada pola Comisión de estudo, creada en sesión plenaria de 09.04.2018, sobre os aspectos social, xurídico, técnico e financeiro en relación coa prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, e salvamento que presta o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, e na que se conclúe como forma de prestación do mesmo mais sostible e eficiente, de entre as previstas no artigo 85.2 LBRL, a xestión directa mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, asumindo a subrogación do persoal de acordo co disposto na Memoria e nos termos alí reflectidos.



Con data 17.04.2019, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 74, publícase anuncio de información pública da Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do Servizo de extinción de incendios e salvamento, durante un prazo de 30 días naturais, nos que se poderán presentar alegacións e observacións á Memoria.

Segundo se desprende do certificado de exposición pública e resultados, emitido pola secretaria interventora en data 12.09.2019, foron presentadas en tempo e forma, no Rexistro de Entrada de Documentos, a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), con núm. 201990000000062 e data 15.05.2019 escrito de alegacións pola Mesa intersindical de bombeiros de Galicia contra a devandita Memoria.

Con data 13.09.2019 reuniuse a Comisión de estudio co fin de ditaminar as alegacións presentadas, emitíndose o correspondente ditame, que foi elevado ao Pleno en sesión desta mesma data, para a súa resolución e aprobación do proxecto; estimando parcialmente as alegacións e aprobando con carácter definitivo a Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento, determinando como forma de xestión máis sostible e eficiente, de entre as previstas no artigo 85.2 LBRL, a xestión directa mediante persoal propio do Consorcio.

O mencionado acordo foi, para o seu xeral coñecemento, foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 195 de data 14.10.2019, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Consorcio.

A devandita Memoria incorporouse ao proxecto de orzamento do exercicio 2020 por ser a base e fundamentación do cambio de modelo que inclúe o aspecto económico, reflectido nos estados numéricos neste.

Así pois, con data 01.01.2020 deuse cumprimento ao acordado en sesión plenaria de 13.09.2019, comezando a realizarse, a prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, mediante xestión directa con persoal propio do Consorcio.

Por mor do anterior, aprobouse un orzamento para o exercicio 2020 cun incremento das achegas da Deputación Provincial da Coruña e da Xunta de Galicia por un importe total de 359.931,31 euros.

Polo tanto, tendo en conta o reflectido nos parágrafos anteriores e co fin de que quede plenamente garantida a prestación do servizo público, fin básico do Consorcio e sobre a base das consideracións que preceden, a continuación desenvólvense, respecto aos Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ao respecto, finalizando esta Memoria cunha conclusión de resume do exposto.

Pois ben, para o exercicio 2021, elabórase un proxecto de orzamento no que en liñas xerais se reproduce o previsto para o exercicio 2020 e na Memoria sobre o cambio de modelo de xestión.

En materia de ingresos, mantense o importe global, como o exercicio anterior, das achegas das entidades propietarias, aínda que individualmente se compense a achega, polo importe total, da Deputación Provincial da Coruña destinada á subvención do Convenio de colaboración co Concello de Ferrol. De tal xeito, a achega mediante transferencia para o resto de gastos de financiamento e inversión que se consigan, minorase para a Deputación Provincial da Coruña na metade da contía da subvención; e para a Xunta de Galicia incrementase a contía do exercicio anterior na metade do importe do previsto para a referida subvención.

Así mesmo, o importe da previsión de ingresos por taxas mantense nos mesmos números que o exercicio anterior. Respecto da taxa polo mantemento do servizo de prevención e extinción de incendios, a estas alturas atópase pendente de aprobación a modificación do convenio coa xestora, non estando determinada a contía que habitualmente se toma como referencia, que é a do exercicio inmediatamente anterior. Neste caso mantense a contía recadada en 2019, dado que aínda que se teñen excluído neste exercicio algúns códigos postais correspondentes á Santiago de Compostela, tamén é certo que se prevé que se compensen co incremento que normalmente se produce en cada exercicio.



Respecto da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, mantense a previsión do exercicio anterior, estimando que durante este exercicio se van a articular os medios necesarios para a mellora da xestión liquidatoria da mesma.

Na esfera de gastos, mantense o capítulo 1 de gastos de persoal con unha previsión de incremento posible dun 0,9 %, se así o dispuxera a Lei de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa de aplicación, que se puidera aprobar en adiante.

Mantense a previsión de gastos financeiros do Capítulo 3 e no Capítulo 4, que segue a manterse o Convenio de Ferrol polo mesmo importe que no exercicio anterior.

O resto de crédito destínase na súa maioría a dar cobertura aos gastos correntes do Capítulo 2, quedando unha cantidade inferior á do exercicio anterior para destinar a inversións.

A devandita Memoria incorporouse ao proxecto de orzamento do exercicio 2020 por ser a base e fundamentación do cambio de modelo que inclúe o aspecto económico, reflectido nos estados numéricos neste.

### Estado de Gastos:

O **Capítulo I**, o réxime retributivo dos empregados públicos está realizado consonte ao establecido polos artigos 18 e seguintes da Lei de Orzamentos Xerais do estado para 2018, prorrogado para o exercicio 2020, e coas modificacións introducidas polo Real Decreto Lei 2/2020, de 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público; a excepción do persoal obxecto de subrogación que se incorpora ao orzamento co réxime retributivo segundo a táboa salarial aprobada mediante acordo plenario de 27.01.2020, de aplicación a partir do 01.01.2020.

Si unha vez aprobada a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2021 variara o establecido no exercicio 2020, aplicaríase o correspondente sen necesidade de modificación das presentes bases nin do propio Orzamento, salvo que se precisaran maiores créditos dos previstos. Respecto disto, consignase a aplicación 00 920 120.09 e 00 136 143.00 con créditos por importe do 0,9% das retribucións básicas, complemento de destino e específico, e complemento de actividade e de posto, ante un eventual incremento das mesmas a través da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2021, e dentro dos límites retributivos que esta determine.

As indicadas retribucións aparecen reflectidas no Anexo de Persoal, onde non están recollidas aquelas que non son fixas nin periódicas na súa devindicación, e que gardan relación coa especial dedicación, rendemento, produción, interese e iniciativa, traballo fora de xornada, etc., que en todo caso, e consonte á consignación orzamentaria existente a nivel de vinculación xurídica, deberán aprobarse de forma individual para cada efectivo no período que correspondera, ben á proposta da Xerencia ou directamente pola Presidencia (en especial, cando se refiran á Xerencia e a Secretaría Intervención) e dentro dos importes globais determinados polo Pleno).

Deste xeito, prevese a aplicación orzamentaria 00 920 150.00 destinada a produtividade, con idéntica contía que no exercicio anterior, e a 00 136 151.00 de gratificacións para o persoal laboral de intervención destina ao pago das xornadas extraordinarias do persoal de cadro e mais do contratado a través da bolsa de bombeiro-condutor.

Concluindo, existe correlación entre os créditos do Capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no Orzamento e o Anexo de Persoal desta Entidade Local para este exercicio económico, sendo o seu importe global de 7.283.465,57 euros. O incremento de 58.475,65 € correspóndese co mencionado 0,9% destinado a unha posible previsión legal de incremento de retribucións do persoal.

Respecto do **Capítulo II**, incrementase nun 15,17 % respecto exercicio anterior, realizando un axuste nalgunhas das aplicación orzamentarias, segundo o avance da liquidación do exercicio 2020.

Polo que toca ao **Capítulo III**, tómase como referencia os datos da liquidación do exercicio 2019.



En relación co **Capítulo IV**, recolle a transferencia destinada ao financiamento do Convenio de colaboración en materia de emerxencias a asinar co Concello de Ferrol por importe de 506.995,10€ previstos para este exercicio. Prevense, ademais, créditos para facer fronte a cotas de asociacións e fundacións ás que pertence o Consorcio.

O **Capítulo VI** experimenta unha diminución de 376.228,17 € (75,25%) respecto do exercicio anterior.

No que atinxe ós **Capítulos VII, VIII e IX** non experimentan variación respecto dos exercicios de 2020 e precedentes, non recolléndose, consecuentemente, consignación ningunha naqueles.

### Estado de ingresos:

Os **Capítulos I e II**, carecen de previsión por non ser de aplicación ao Consorcio os tributos que recollen.

O **Capítulo III** presenta unhas previsións análogas as do exercicio anterior, tal e como se indicou mais arriba. Así, o importe da previsión de ingresos por taxas mantense nos mesmos números que o exercicio anterior. Respecto da taxa polo mantemento do servizo de prevención e extinción de incendios, a estas alturas atópase pendente de aprobación a modificación do convenio coa xestora, non estando determinada a contía que habitualmente se toma como referencia, que é a do exercicio inmediatamente anterior. Neste caso mantense a contía recadada en 2019, dado que aínda que se teñen excluído neste exercicio algúns códigos postais correspondentes á Santiago de Compostela, tamén é certo que se prevé que se compensen co incremento que normalmente se produce en cada exercicio.

Respecto da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, mantense a previsión do exercicio anterior, estimando que durante este exercicio se van a articular os medios necesarios para a mellora da xestión liquidatoria da mesma.

De igual xeito, se mantén a taxa pola expedición de documentos.

Respecto ao **Capítulo IV** reflicte, ao igual que o exercicio anterior, e como se describía mais arriba, a previsión por unha banda unha achega, mediante subvención, destinada ao financiamento do Convenio de colaboración en materia de emerxencias co Concello de Ferrol. Por outra banda, prevese a achega mediante transferencia para o financiamento tanto de gastos de funcionamento como de inversión, que en termos globais é a mesma que no exercicio inmediatamente anterior.

En canto ás previsións no **Capítulo V**, non se ten previsto ningún ingreso.

No que respecta ao **Capítulo VI**, tampouco experimenta variación, xa que non se prevé venta de patrimonio desta Administración, polo que loxicamente, a previsión de ingreso é de 0,00 €.

No que atinxe ás transferencias de capital recollidas no **Capítulo VII**, tampouco ten variación respecto das previsións de 2020 e anteriores tendo en conta que, desde o ano 2010 é o propio Consorcio o que financia os investimentos a través dos seus tributos propios así como tamén, acudindo ao aforro derivado do remanente de tesourería.

Por último, os **Capítulos VIII e IX**, ao igual que nos Orzamentos precedentes, non reflicte previsión de ingreso ningunha.

### Conclusión:

Como resultado do anterior, o Orzamento que se propón para a súa aprobación, reflicte a sinalada continuidade no mantemento do servizo que este Consorcio presta á sociedade dentro da actual conxuntura, intentando optimizar os recursos respecto dos gastos cada vez maiores.



## Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña

A presente Memoria xúntase co resto da documentación elaborada ao Proxecto de Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2021, a fin de que completado en legal forma o contido do expediente, poida examinarse polo Pleno da Entidade, quen, como órgano competente, realizará as actuacións de aprobación, emenda ou devolución, e para o cal se somete ó seu fundado criterio.

Carballo, na data da sinatura dixital.-

**O presidente,**

Asdo.: Valentín González Formoso